

## CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN DEGEN PARA A PROMOCIÓN DA INVESTIGACIÓN E A MELLORA NA ATENCIÓN AO PACIENTE

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde asinou o día 22.06.2022 coa Fundación Degen o instrumento convencional arriba referido, que entrou en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estará vixente durante catro anos, con posibilidade de ser prorrogado.

Que o instrumento convencional ten por obxecto artellar as relacións de colaboración entre as partes de cara á promoción e o desenvolvemento da investigación orientada á mellora da atención sanitaria en enfermidades neurodexenerativas ou en aqueles outros proxectos que poidan ser obxecto de investigación por parte da Fundación Degén.

De conformidade co previsto no artigo 92 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, o Servizo Galego de Saúde configúrase como organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 94 da mesma lei contempla entre as súas funcións a promoción da docencia e a investigación en ciencias da saúde, no ámbito dos centros, servizos e establecementos sanitarios asistenciais, así como o desenvolvemento de programas de calidade e mellora da práctica clínica e de mellora de xestión.

Por outra parte, o artigo 136 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé, no ámbito da coordinación interdepartamental da atención sociosanitaria, que a Consellería de Sanidade fomentará actuacións integrais sociais e sanitarias ante aquelas circunstancias de dependencia, discapacidade ou outras nas que a cooperación conleve vantaxes sociais e asistenciais.

Pola súa banda a Axencia galega para a xestión do coñecemento en saúde (ACIS), entidade pública instrumental adscrita e funcionalmente dependente do Servizo Galego de Saúde ten como obxecto principal da súa actividade a docencia, a formación e investigación en administración e xestión sanitaria, sociosanitaria, saúde pública e asistencia sanitaria, de conformidade coas directrices emanadas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

No caso da Fundación Degén, esta ten como misión fundamental promover a investigación para atopar unha cura ás enfermidades neurodexenerativas e mellorar a calidade de vida dos pacientes, contribuíndo a xerar coñecemento científico, social e asistencial sobre estas enfermidades, e posicionándose como apoio de pacientes, cuidadores e familiares. Neste sentido a súa vontade é desenvolver produtos e servizos que axuden a mellorar a súa calidade de vida, á sociedade en xeral e contribuír a xerar coñecemento e colaborar na mellora da calidade asistencial. En consecuencia, pode adoptar e desenvolver actividades de investigación e de atención ao paciente, contando coa colaboración e apoio científico, técnico e institucional dos xestores de servizos sanitarios.

Tendo en conta o anterior, as partes intervenientes plasman o seu compromiso de colaboración no presente convenio marco, sen prexuízo do seu desenvolvemento ulterior. Neste sentido, para a materialización de proxectos específicos en desenvolvemento do obxecto deste convenio, no marco das súas dispoñibilidades orzamentarias, deberán asinarse acordos ou convenios específicos de colaboración, una vez obtidas as aprobacións internas pertinentes que cada parte poida precisar para cada proxecto.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

